

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que se celebrará o día 6 de febreiro de 2026, ás 12:00 horas na Sala de Comisións da Deputación Provincial.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/2026, do 23 de xaneiro.

Asesoría Xurídica

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón o acatamento e cumprimento das resolucións xudiciais correspondentes.
3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón a comparecencia en procedementos xudiciais.
4. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón a comparecencia en procedementos concursais.

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

5. Dación de conta da Resolución de Presidencia número 2026/1363 de data 15 de xaneiro de 2026 pola que se modifica a Resolución de Presidencia número 2026/537 de data 9 de xaneiro de 2026 pola que se avoca a competencia para a aprobación das bases reguladoras e se aproban as bases e a convocatoria do programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas da provincia da Coruña no ano 2026 (DP0030 / 2026).

Servizo de Asistencia Técnica a Concellos

6. Aprobación dun informe sobre o Plan especial de infraestruturas e dotacións para a apertura do sistema xeral viario SXVI-1 (B, C, D, E), no Concello de Carballo.
7. Aprobación dun informe sobre o Plan especial de infraestruturas e dotacións en Mandiá para a creación dunha área de equipamento que permita a construción dunha pista deportiva, no Concello de Ferrol.
8. Aprobación dun informe sobre o Proxecto de central de bombeo de Meirama de 440 mW de potencia instalada e infraestrutura de evacuación nos términos municipais de Cerceda, Carral e Ordes.

9. Aprobación dun informe favorable sobre a Modificación puntual non substancial número 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Teo.

10. Aprobación dun informe favorable sobre a Modificación puntual non substancial número 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Teo.

11. Aprobación dun informe favorable sobre a "Modificación número 2 do Plan Parcial do SUNP I-33-R, Iñás", no Concello de Oleiros.

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

12. Desestimación do recurso de reposición interposto por N. P. A. en representación da sección sindical da CIG contra o acordo da Xunta de Goberno do 18 de novembro de 2025 polo que se aproba a oferta de emprego público da Deputación provincial da Coruña para o ano 2025.

ROGOS E PREGUNTAS